

BASES DO II CONCURSO DE “VIDEOTUTORIAIS MATEMÁTICOS”

PARTICIPACIÓN

Todos os alumnos de ESO e Bacharelato nas seguintes categorías:

CATEGORIA I: 1º ESO, 2º ESO e 3º ESO

CATEGORIA II: 4º ESO e BACHARELATO

PRESENTACIÓN

Cada participante ou grupo participante preparará un vídeo de 2 minutos de duración sobre un tema relacionado coas Matemáticas. A temática e enfoque pode ser máis formal (definición dun concepto, un teorema, idea intuitiva e/ou aplicación), ou pode recoller manifestacións diversas da matemática na vida cotiá, de carácter cultural, artístico ou social.

Os participantes poderán utilizar calquera recurso multimedia, audiovisual ou artístico para a realización da curtametraxe.

Os traballos presentados, realizados integramente polos participantes, deben ser inéditos e orixinais.

Os concursantes deberán compartirlle ao seu profesor/a o vídeo, poden subilo a unha canle de YouTube/Vimeo etc. e enviarlle a ligazón por correo, polo Drive ou nun pendrive.

DATA

O prazo de presentación remata o **venres 13 de abril do 2018** ás **14.00 h.**

XURADO

O xurado estará formado polos profesores dos Departamentos de Matemáticas e Artes Plásticas e por representantes da asociación de pais e nais do Colexio.

Entregaranse o 9 de maio no acto de entrega de premios que se celebrará no Colexio.

PREMIOS

Haberá un premio por categoría que consistirá nun libro de matemáticas e 50€ en metálico.

Os premios poderán quedar desertos nalgunha categoría e pódense ampliar na outra.

Os vídeos premiados serán publicadas na canle de Youtube do colexio.